

## Gondomar: O BNG provocou o Pleno extraordinario... sen sabelo.

Escrito por Alvaro Peralta  
Xoves, 06 Xaneiro 2011 17:40

---



O grupo municipal do BNG non sabía que ao solicitar o Pleno extraordinario para tratar o tema do parque eólico con seus cinco concelleiros obrigaba ao goberno municipal de Gondomar baixo imperativo legal a convocalo. De feito os nacionalistas presentaron no Rexistro Xeral do Concello a convocatoria o pasado 22 de decembro e enviaron aos medios de prensa un comunicado onde pedían a adhesión dos concelleiros Ignacio Troncoso (PP) e mais José Carlos Cabaleiro (Non adscrito) por ser o primeiro membro da Xunta Reitora da Comunidade de Vincios e o segundo veciño da parroquia. A “invitación” segundo os cálculos feitos polos nacionalistas era aos efectos de acadar o número necesario de membros para lograr a convocatoria por imperativo legal. O que non tiveron en conta é que os cinco concelleiros xa eran suficientes por mandato legal.

O erro foi exposto por uno dos involucrados, o concelleiro José Carlos Caballeiro quen denunciou noutro escrito *“a total ignorancia del funcionamiento de los Ayuntamientos”* por parte dos nacionalistas. O edil ex PSOE cita o artigo 46.2 da Lei de Bases do Réxime Local que di que para convocar o Pleno fai falla unha cuarta parte dos concelleiros. O total dos mesmos no Pleno Municipal é 17 “por lo tanto con 5 ya la obtienen”. Cabaleiro agrega no seu escrito que *“de todos modos si se dignaran a proponerme la fima, sin ningún problema les hubiese firmado la convocatoria*

.” Como xa

[publicara Valminor.info](http://publicara.Valminor.info)

o pedido do Pleno xurdiu dunha reunión da Comunidade de Montes de Vincios cos partidos políticos onde foron excluídos os catro concelleiros non adscritos: Alfonso De Lis, Teresa Pereira Capel, Manuel Gómez González e mais Cabaleiro.

Cabaleiro denuncia que o BNG intenta *“politizar”* o tema e *“sin buscar ningún tipo de apoyos, por su cuenta buscando únicamente algún rendimiento político convoca un Pleno monográfico*

## **Gondomar: O BNG provocou o Pleno extraordinario... sen sabelo.**

Escrito por Alvaro Peralta  
Xoves, 06 Xaneiro 2011 17:40

---

*para tratar exclusivamente este tema.*

” O concelleiro non adscrito agrega que “

*la falta de comunicación puede llevar la propuesta al fracaso pues sí es cierto que los comuneros de Vincios nos oponemos al Plan Eólico, este también afecta a las parroquias de Chaín y Morgadáns, los cuales de momento no se han pronunciado ni a favor ni en contra, ante esto ¿qué pasará si dos tercios de los afectados se manifiestan a favor?*

”

Pola súa banda, o candidato á alcaldía polo BNG Xosé Antón Araúxo confirmou a Valminor.info a equivocación á que cualificou de “erro de transcripción”. De feito o texto do comunicado xa foi modificado na portada do Blog dos nacionalistas de Gondomar.

O Pleno extraordinario se realizará o próximo mércores día 12 de xaneiro ás 20 horas no Auditorio Luís Tobío de Gondomar.